

Código do documento	Código do expediente
USG15I01T2	USG/2021/81
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6G3I 040V 3S44 450L 096V	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE MAIO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta e catro minutos do día tres de maio do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 20 DE ABRIL DE 2021 E DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA EN DATA 28 DE ABRIL DE 2021.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 20 de abril de 2021 e á acta da sesión extraordinaria celebrada o día 28 de abril de 2021, das que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobadas por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión extraordinaria realizada o día 20 de abril de 2021 e a acta da sesión extraordinaria realizada o día 28 de abril de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Lei 6/2021, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil. BOE núm. 102 do 29-04-2021.
- Resolución do 15 de abril de 2021, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se aproban as bases xerais de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a festivais de artes escénicas e de música, e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento CT213A). DOG núm. 80 do 29-04-2021.

Código do documento	Código do expediente
USG15I01T2	USG/2021/81
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6G3I 040V 3S44 450L 096V	

- Resolución do 22 de abril de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade -Secretaría Xeral de Cultura-, pola que se dá publicidade das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 14, do 22 de xaneiro de 2021) pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/u axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021. DOG núm. 81 do 30-04-2021.
- Extracto da Resolución núm. 2021/15769 do 22 de abril de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a convocatoria de axudas PELREACTIVA: Programa específico de apoio á hostelería e axencias de viaxes, do Plan de Emprego Local (PEL 2021). BOP núm. 79 do 29-04-2021.
- Resolución do 23 de abril de 2021, da Deputación Provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa FO207: Convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento de conservatorios, escolas de música e escolas de danza municipais, durante o ano 2021. BOP núm. 79 do 29-04-2021.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O Sr. Iglesias Lovelle dá conta á Xunta de Goberno Local da realización das seguintes actividades da concellería delegada da Área de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo:

"ACTIVIDADES CULTURAIS

VENRES 7 DE MAIO

Obradoiro de creación de coroas de flores, con Tótem Xestión Creativa.
Desenvolverase nas redes sociais do Concello de Culleredo."

2.2.2.- A Sra. Pombo Carril dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da concellería delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte:

"

***SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Intensidade
18/03/2021	399	Dar de baixa no servizo municipal de axuda a domicilio por libre concorrencia con data 31/10/2020 ao causar alta como dependente cunha prestación de entre 1 e 20 horas mensuais o día 01/11/2020, segundo a aprobación do Programa de Atención Individual, efectuada e notificada pola Xunta de Galicia.	***6041**	

Código do documento	Código do expediente
USG15I01T2	USG/2021/81
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6G3I 040V 3S44 450L 096V	

22/03/2021	408	Conceder o Servizo de municipal de Teleasistencia Domiciliaria.	***5235**	
------------	-----	---	-----------	--

****PRESTACIÓNS ECONOMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
18/03/2021	398	Conceder unha axuda económica.	***6496**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de outubro, novembro e decembro de 2020 (220€/mes), xaneiro, febreiro (220€/mes) e parte de marzo de 2021 (29€).	
18/03/2021	400	Conceder unha axuda económica.	****3665*	Pago de aluguer, correspondente aos meses de decembro 2020 (400€), xaneiro 2021 (400€) e parte de febreiro 2021 (329€).	
18/03/2021	402	Conceder unha axuda económica.	***8007**	Pago de comunidade, correspondente ao 12 meses de 2020. Pago de recibo de electricidade, correspondente a 6 meses de 2020. Pago de recibo de electricidade, correspondente a 6 meses de 2020. Pago de recibo de auga, correspondente ao 1º trimestre de 2019 e 1º, 2º e 3º trimestre de 2020.	480€ 230,75€
18/03/2021	403	Conceder unha axuda económica.	***4417**	Pago de auga, correspondente ao 4º	

Código do documento	Código do expediente
USG15I01T2	USG/2021/81
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 6G3I 040V 3S44 450L 096V	

C.I.F. P-1503100-H

				<p>trimestre de 2020 e 1º, 2º e 3º trimestre 2021.</p> <p>Pago de recibo de electricidade, correspondente a 6 meses de 2021.</p> <p>Pago de recibos de gas correspondente a 6 meses de 2021.</p>	
25/03/2021	439	Conceder unha axuda económica.	***1560**	Pago de aluguer, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro (400€/mes) e marzo (329€).	1129€
25/03/2021	440	Conceder unha axuda económica.	****8307*	Pago de aluguer correspondente aos meses de novembro e decembro de 2020 (300€/mes) e xaneiro (300€) e febreiro (229€) de 2021.	1129€
25/03/2021	441	Conceder unha axuda económica.	***2424**	Pago de aluguer correspondente aos meses setembro, outubro, novembro e decembro de 2020 (230€/mes) e parte de xaneiro de 2021 (209€).	1129€
29/03/2021	459	Conceder unha axuda económica.	***0133**	Pago de aluguer correspondente aos meses de decembro de 2020 (329€) e xaneiro e febreiro de 2021 (400€/mes).	1129€

***TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de dicembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
18/03/202	401	Conceder a tarxeta de	***3435**	vixencia de 10 anos

1		estacionamento por razón de discapacidade		
---	--	---	--	--

****SUBVENCÍONS SOLICITADAS:**

Data da resolución	Nº resolución	OBXECTO	IMPORTE	ORGANISMO
23/03/2021	429	Solicitar a formalización do Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo, para o financiamento do mantemento xeral e reserva de prazas no centro ocupacional "A Escada" para o ano 2021.	70.000 euros	Deputación Provincial da Coruña
		Aprobar a memoria de actividades a desenvolver no Centro Ocupacional "A Escada" durante o ano 2021.	144.228,35 euros	

C.I.F. P-1503100-H

2.3.- SENTENZA RECURSO SUPPLICACIÓN 49/2021 PM DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO SOCIAL DA CORUÑA, PROCEDEMENTO DESPIDO/CESES EN GENERAL 873/2019.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social da Coruña, ditada no recurso suplicación 49/2021 PM, do 16 de marzo de 2021, en cuxo fallo di:

"Que estimando el recurso de suplicación formulado por la representación legal del Ayuntamiento de Culleredo y estimando en parte el articulado por la representación letrada de la actora DOÑA M.P.L., ambos recursos interpuestos contra la Sentencia de fecha 1º de septiembre de 2020, dictada por el Juzgado de lo Social núm. UNO de esta Capital, en autos 873/2019 sobre despido, y con revocación de la misma y estimación en parte de la demanda, declaramos improcedente el despido de la trabajadora Doña M.P.L., con responsabilidad exclusiva de la empresa ESPROADE SL y, en consecuencia, condenamos a la referida empresa demandada, a que en el plazo de cinco días desde la notificación de esta sentencia OPTE: entre readmitir a la trabajadora en las mismas condiciones que regían antes de producirse su despido, o bien a satisfacerle la cantidad de **MIL OCHOCIENTOS SETENTA EUROS, CON DOCE CENTIMOS DE EURO (1874,12€)** en concepto de indemnización, con abono, en caso de opción por la readmisión, de los salarios dejados de percibir desde su despido y hasta la notificación de la presente sentencia, a razón del salario diario de 13,63 euros. Y desestimamos la demanda frente al CONCELLO DE CULLEREDO, al que absolvemos de la pretensión frente a él ejercitada, y mantenemos el pronunciamiento absolutoria de la sentencia recurrida frente a la codemandada SERVIPLUSTOTAL SL. Dese a los depósitos y consignaciones constituidos para recurrir el destino legal. Sin costas.

Código do documento	Código do expediente
USG15I01T2	USG/2021/81
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6G3I 040V 3S44 450L 096V	

Notifíquese esta resolución a las partes y a la Fiscalía del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.
MODO DE IMPUGNACIÓN: Se hace saber a las partes que contra esta sentencia cabe interponer recurso de Casación (.../...)”.

2.4.- SENTENZA 66/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 59/2020.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 66/2021, do 9 de abril de 2021, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 3 da Coruña, Procedemento Abreviado 59/2020, en cuxo fallo di:

“Se estima el recurso contencioso administrativo interpuesto por el Procurador D. Rafael Pérez Lizarriturri, en nombre y representación de D. J.M.M.V. y la entidad aseguradora ALLIANZ S.A. frente a la Resolución dictada por el Ayuntamiento de Culleredo, de fecha 25 de septiembre de 2020 (folios 236 a 240 del expediente).

Se declara la citada Resolución, nula por no ser ajustada a derecho.

Se condena a la Administración demandada a estar y pasar por los anteriores pronunciamientos y a indemnizar a D. J.M.M.V. en la cantidad de 280 euros y la mercantil ALLIANZ S.A. en la suma de 1.217,78 euros, más intereses legales.

No se realiza especial pronunciamiento sobre las costas.

Contra esta sentencia no cabe interponer recurso alguno.

(.../...)”.

C.I.F. P-1503100-H

2.5.- SENTENZA 74/2021 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ABREVIADO 213/2020.

O Sr. alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 74/2021, do 19 de abril de 2021, do Xulgado Contencioso Administrativo núm. 1 da Coruña, Procedemento Abreviado 213/2020, en cuxo fallo di:

“Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por el letrado D. Vicente José Gómez Loureda, en nombre y representación de Dª M.E.S.V., frente a la resolución de la Alcaldía del Concello de Culleredo, de 1 de septiembre de 2020, desestimatoria de la reclamación presentada por la demandante. Todo ello, sin imposición de costas.

Notifíquese esta sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe recurso.

(.../...)”.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

Código do documento	Código do expediente
USG15I01T2	USG/2021/81
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6G3I 040V 3S44 450L 096V	

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe
O alcalde
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H